

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e Ferega-Ceca, para a realización de actuacións de normalización lingüística.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Política Lingüística formalizou coa Ferega-Ceca, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangueu dende o 5 de abril ata o 30 de novembro de 2016.

Que o instrumento convencional tivo por obxecto establecer as bases polas que se rexeu a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Ferega-Ceca, para prestixiar e promover a estima do galego como feito diferencial da nosa terra e, ao mesmo tempo, promover o seu uso entre o persoal dos centros, dos docentes e do alumnado. As partes colaboraron na realización dun programa de actuacións para continuar coa implantación do Plan de dinamización lingüística que aprobou a dita entidade en Asemblea Xeral no ano 2012 nos seus centros asociados.

Que existiu converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundamentouse no seguinte:

Que ambas entidades foron conscientes da importancia que ten a aplicación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, onde se reconece que o galego é a lingua propia de Galicia; que os poderes públicos garantirán o seu uso normal como lingua oficial da Comunidade Autónoma galega e que adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón da lingua. No ámbito da Administración



autonómica galega, correspóndelle á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria as competencias en materia de política lingüística.

Que as partes asinantes foron conscientes de que as institucións e entidades galegas teñen que colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade.

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria considerou esencial apoiar iniciativas que respondan a obxectivos de interese social e que contribúan a sensibilizar e promover unha actitude positiva cara á lingua galega especialmente no ámbito en que desenvolve a súa actividade a Ferega-Ceca que ten por finalidade promover o uso do galego no ámbito administrativo, no docente, na actividade pastoral, nas relacións interpersoais en todos os centros dependentes de Ferega-Ceca e no funcionamento desta entidade no eido autonómico.

Que pola singularidade do seu obxecto, que perseguíu unicamente obxectivos de utilidade pública, polas características das actividades que se desenvolveron ao abeiro do convenio e por ser a citada entidade a única que aglutina en Galicia a maioría dos centros católicos e, que ten en marcha un proxecto innovador e propio en materia lingüística no ámbito educativo, non resultou posible promover a concorrência pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes excluiron o ánimo de lucro, e non puideron satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 6 de setembro de 2017.

